

1995: Unha bandexa chea de bos poemarios

Helena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [1996]). “1995: Unha bandexa chea de bos poemarios”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. 1995, 167-173. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1571>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (1996). “1995: Unha bandexa chea de bos poemarios”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. 1995, 167-173.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

1995: UNHA BANDEXA CHEA DE BOS POEMARIOS

Helena González Fernández

A poesía segue a ser un xénero proscrito nas canles comerciais habituais. O motivo non é outro que un reducidísimo volume de vendas que a penas xustifica os esforzos. E, sen embargo, o xénero pasa por un bo momento pois desde algunhas coleccións séguese apostando pola aparición ou a reaparición de voces imprescindibles, de libros senlleiros e de correntes interesantes á par de reedicións e antoloxías, que cada vez teñen máis peso pois parecen ser as únicas capaces de salvar as fronteiras do ensino, o mellor motor do noso sistema literario. A calidade xeral, as propostas das voces novas e mais a solidez das xa consagradas fan que a oferta poida cubrir todo tipo de gustos poéticos, sempre e cando estean dispostos a facer o esforzo de ir á librería. Reparen, senón, no que deu de si o ano 1995: volven publicar poetas importantes da xeración dos 80 (Xabier Rodríguez Baixeras, Ramiro Fonte, Lois Pereiro, Alfonso Pexegueiro, Manuel Rivas, Paulino Vázquez...), temos fermosos e provocadores libros de xoves autores que se consolidaron nos últimos anos (Chus Pato, Arturo Casas, Luísa Villalta, Xabier Cordal, Ramón Caride Ogando...) e empezan a asomar a cabeza novos poetas á procura dun lugar de seu (Celso Fernández Sanmartín, Yolanda Castaño, Lupe Gómez e Ana Baliñas). Variedade hai dabondo.

Principiaremos este repaso panorámico polo sempre necesario capítulo de premios e certames, que segue sen servir de ponte entre o poeta e o lector. De feito, os premios a penas serven para poder publicar máis axiña e para que as obras poidan dispor dun oco nas novas da prensa, pouco proclive como norma xeral a promocionar o libro, galego ou non, fóra dos seus suplementos literarios. Abofé que os certames poéticos andan faltos, polo xeral, dese pulo que tiveron en anos pasados, dese aquel de novidade imprescindible que turra polo lector.

[168] O IV Premio Martín Codax 1995 gañouno Xesús Franco, un escritor que xa atopamos nos andeis das librerías como narrador, agochado tras o desconcertante pseudónimo Joaquim Fariña. Pois ben, o seu *Contra mar* (Galaxia) reúne un mangado de poemas de diversa factura formal e lírica que comparten un mesmo motivo-eixe, o mar. Nel mestúranse os poemas que incorporan o xogo visual (e mesmo algúns caligramas) e mais os que nacen ó abeiro da tradición literaria (especialmente a galega, que aparece recollida nun texto na soleira do libro, no que escolma case trinta citas que conforman unha unidade).

Moito máis interesante resultou o Premio Miguel González Garcés de 1994, cunha andaina sólida e sempre interesante que é garantía de calidade. O libro premiado foi *Un áspero tempo de caliza* (Deputación da Coruña) de Paulino Vázquez Vázquez, quen continúa a liña decadentista que xa coñeciamos en entregas poéticas anteriores. O verso longo, a

descripción detallada e os xogos intertextuais, nomeadamente coa literatura inglesa, están ó servizo da reflexión sobre o paso do tempo e a chegada da morte(o libro está inzado de referencias o seu finado amigo Eusebio Lorenzo Baleirón, un poeta que, xunto a Antón Avilés de Taramancos, aparece decote nas dedicatorias de moitos textos publicados este ano). O accesit outorgóuselle a Helena Villar Janeiro, *Festa do corpo* (Deputación da Coruña), un poemario sorprendente na traxectoria da autora que sae á luz un ano despois dos *Poldros de música* do seu compañeiro Xesús Rábade Paredes. Aquí o erotismo bota man dos imprescindibles elementos naturais para insinuar o ricaz mundo de sensacións que rodea ó encontro amoroso, procurando que a capacidade evocativa do poema entre tamén pola memoria dos sentidos. O outro accesit foi para Antón L. Dobao polo seu *Caderno dos dereitos e das horas*.

Pola súa banda, a XIV edición do Premio Esquío ofrécenos dous poemarios diferentes: mentres que o gañador foi un autor moi coñecido, Manuel Álvarez Torneiro, cun poemario que camiña pola memoria e a esperanza, *Rigorosamente humano* (Sociedad de Cultura Valle-Inclán), o accesit descubriunos unha voz nova, a de Ana Baliñas, que como ben anuncia o título, *Varias* (Sociedad de Cultura Valle-Inclán), é unha recolleita de poemas de distinto tipo e factura. Entre eles sobrancea un grupo ben definido que a autora inclúe na V parte do libro, titulada xenericamente “*Algunhas cancións de amigo*”, onde recupera a esencia desta forma poética medieval en canto que primeira mostra poética culta galega da voz feminina, liberándoa das roupaxes formais que poden trivializar a súa proposta amorosa e coutala dentro do xogo metaliterario (paralelismo, leixaprén, refrán...), facendo que a súa voz apareza auténtica. As moitas paisaxes que conforman o libro xorden asemade da percepción dos entornos vitais (Galicia e Estremadura) e mais da necesidade de crear un espacio interior que sirva de punto de referencia.

Ben diferente é a concepción poética da gañadora do III Premio de Poesía Fermín Bouza-Brey, un premio para autores noveis que corre o perigo de desaparecer. Pois ben, Yolanda Castaño entretece a prosa e mailo verso longo no seu *Elevar as pálpebras* (Espiral Maior) para levarnos polas calellas do amor e a inxenuidade da nenez, que lle fornece esas imaxes tan plásticas que fan da súa obra unha aposta refrescante. As mesmas calellas polas que camiñan outros poetas novos que tiveron que tirar do prelo os seus poemas a través das edicións de autor, ofrecéndonos libros interesantes e prometedores que retoman, como Yolanda Castaño, esa liña *naiíf* e mais o á infancia desde a interioridade máis sincera (cómpre non confundir sinceridade con autobiografismo). Unha liña heteroxénea que permite recoñecer pasos anteriores, a daqueles autores que conciben o verso como a materia literaria de maior concentración conceptual e/ou evocativa desde unha aparencia sinxela, case-narrativa e inzada de símbolos e motivos da vida cotiá. Motivos que, nalgúns casos, traspasan decididamente a fronteira entre o que adoito consideramos materia poética e esoutro léxico ou esoutros espazos que en principio parecen máis propios dese tipo de novela que mestura o urbano co rural.

Celso Fernández Sanmartín, autor e editor dun poemario de amor sen título, recolle os elementos máis cotiáns da natureza e maisdo mundo rural (amendoeira, caracois, marmellos...) para construír un mundo simbólico interior ateigado de plasticidade e suxerencias sensoriais que desde a inxenuidade consegue resolver con éxito un tema inzado de tópicos e de códigos esperables. Pola súa banda, Lupe Gómez prefere a provocación, mesmo desde o título, *Pornografía*, e preséntanos o seu libro coma unha especie de diccionario poético de man no que os textos se presentan coma unha definición moi persoal do título, amo-

sándose a si mesma núa e provocadora. A sociedade que a rodea, a súa condición de muller e mais a visión da nena que se torna decepción cando ve o mundo que a rodea desde a certeza de non o volverá ser nunca máis.

Pola súa banda, XV Premio "Cidade de Ourense" 1994, caracterizado por apostar sempre polos perfís máis novidosos e que conta xa cunha delongada traxectoria, foi para un poemario realmente provocador de Ramón Caride Ogando, *Flor do deserto* (Concello de Ourense). Un poemario que ratifica o interese do autor polos espazos urbanos e marxinais nos que sempre se sitúa como narrador; unha atracción pola linguaxe violenta e dura que achega o verso ó realismo suxo, o mundo do cómic e ó rock. *Flor do deserto*, dividido en catro partes ("Circuíto fogo", "Circuíto néboa", "Circuíto cinza" e "Circuíto terra") leva ó lector a facer unha visita guiada pola paixón, a decepción de innumerables derrotas, a certeza do abismo e a irremediable constatación de que aínda así "a vida continúa logo do inverno".

O premio Eusebio Lorenzo Baleirón deparounos nas súas dúas últimas convocatorias a sorte de recuperar voces novas, pero esteticamente contrapostas. *Fruto do teixo* (Castro) de Xabier Cordal Fustes acadou o premio na súa VI edición. O poeta, que fixo parte do Colectivo Ronseltz e que logo se presentou en solitario con *Arianrod*, preséntanos neste libro unha poción máxica na que mestura dun xeito case surrealista elementos radicalmente modernos con compoñentes míticas e tradicionais, xogos simbólicos con motivos cotiáns, referencias metatextuais ben coñecidas con elementos tirados do mundo do consumo masivo. E todo isto acompañado por unha boa dose de ironía e sarcasmo que é o fío conductor. No texto, que en realidade é un só poema que gusta dos versos delongados, Xabier Cordal fainos entrar no cemiterio e fainos percibir o caos coma un revoltallo de imaxes xuntas que se amorean a grande velocidade e poden callar nun poema aparentemente inconexo e que remata reivindicando un lugar para o novo poeta. Pola súa banda a VII edición do premio recupera un xove poeta, Xosé Millán Otero, autor de *Este é o tempo do sal*, que con *As palabras no espello* (Castro) preséntanos un mangado de poemas de aparencia desordenada na que se mesturan os sonetos brancos, cos poemas sen medida e mesmo con ese xogo curioso de verso e acotación de "ti no sarego" no que vemos como a voz poética é quen de desdobrar o seu ton, o seu discurso e o seu mundo para facernos chegar as dúas dimensións do compromiso de Millán Otero, coa realidade e coa palabra.

Novos, pero como os anteriores, xa coñecidos polo público galego, son dous poetas que se embarcaron no importante proxecto de Edicións do Dragón e que este ano lle dan un pulo á súa poesía. Trátase de Francisco Souto, gañador do III [170] Premio Espiral Maior por *As árbores do incesto* (Espiral Maior) cun feixe breve de textos que camiña entre o amor, a morte e a evocación, e mais de Rafa Villar que co seu *Sotavento dunha singradura* (Espiral Maior) e cunha carpeta titulada *No mesmo espacio* (Edición do Dragón) amósanos, especialmente no primeiro poemario, o mellor do seu facer. En *Sotavento...* recupera o sempre productivo motivo da viaxe marítima narrada en primeira persoa do plural para facer do seu poema un canto épico e coral das derrotas colectivas. Autor novo para os galegos, pero ben diferente, é o poeta catalán Ramón Dachs, que engade á súa produción poética en catalán (*Obagues*, *Fosca endins* e mailo recentísimo *Poemes mínims*) un libro en galego, *Cima branca* (Espiral Maior) na que segue no seu empeño por reducir o poema á mínima expresión.

Á marxe do variado panorama que ofrecen os premios este ano e mais a (re)aparición de poetas novos, recuperamos algunhas voces importantes e mesmo imprescindibles, que volven demostrar o seu bo oficio.

Ramiro Fonte revalida a súa condición de poeta indispensable con dúas entregas, *Persoas de amor* (El Cantor) e un magnífico libro, *Luz de mediodía* (Espiral Maior), cheo de ritmo e contención, no que os endecasílabos e os heptasílabos brancos son os elementos máis importantes da súa construción poética. O seu discurso vai discorrendo maino e musical estruturado en catro partes: “*A historia fala de ti*”, “*Luz do mediodía*”, “*A derradeira rosa*” e “*A dama do viaxeiro*” (por certo, seis dos sete poemas de *Persoas de amor* foron tirados desta última parte). En *Luz de mediodía* retoma un motivo recorrente da súa obra, a cidade, que lle fornece un entorno cheo de elementos simbólicos nos que subliña os seus encontros con espacios e con persoas benqueridas, coa evocación saudosa e solitaria, coa serenidade de contemplar desde a distancia do mediodía (ou da luz ou do agosto), que “*escribe / as mellores palabra sobre a noite*”.

Se o libro de Ramiro Fonte está cheo do ritmo dondo da fala natural agachada na medida dos versos impares, Arturo Casas bota man dun esqueleto musical mínimo (os preludios) coa súa *Pedra de Nadir* (Espiral Maior), abonda na poesía do coñecemento desde o lado escuro da terra, desde o nadir. A amplitude do espacio (o do cosmos) e o vocabulario escollido (o astronómico) non podían ser mellores para un poemario que pretende reflexionar sobre a vida, a morte, a identidade, o tempo e o destino. Os astros están sempre presentes na humanidade desde o principio dos tempos, son elementos ó tempo abstractos e concretos, pois eles sérvennos como medida e como sinal de augurio, eles reúnen coma ninguén a esencia do espírito. Desde esa convicción filosófica parte Arturo Casas para establecer un xogo co binomio escuridade/luz (prolongado con senllas restras de símbolos e motivos asociados a cada un destes elementos).

Unha das entregas poéticas máis emocionantes, polo que ten de reencontro co autor e mais pola dureza e sinceridade da súa proposta, é o *Poesía última de amor e enfermidade* (1992-1995) (Positivas) de Lois Pereiro. O libro faise aínda máis interesante e áxil polo continuo cambio de voces e o permanente diálogo dopoeta coa literatura para ler e coa literatura para cantar (igual de significativo lle parece un poema cá letra dunha canción). Lois Pereiro aprópiase da voz allea e interiorízaa a través das moitas citas intercaladas no medio dos textos, e fai que a constatación da morte, da dor e, sen embargo, do desexo de sobrevivir, fagan unha ferida inevitable na nosa emoción. O poemario ten unha forte componse autobiográfica que non fai máis ca subliñar a honestidade dun poeta, que demostra fuxir da autocompaixón e que mostra núa a súa experiencia vital a través da palabra.

[171] Un retorno agardado era o de Alfonso Pexegueiro, quen veu da man dunha antoloxía de toda a súa produción galega anterior titulada *¿Serán os cisnes que volven? e de Seraogna a Desatinos...* (Xerais), encabezada por un texto inédito co que pretende pechar todo un ciclo da súa produción literaria, poesía e prosa, porque o autor entende a súa obra como un todo interrelacionado. O inédito, dividido en dúas partes, “*Hojas de té*” (escrito, sen embargo, enteiramente en galego) e “*¿Serán os cisnes que volven?*”), contén aínda algúns dos trazos máis característicos do seu labor: apariencia caótica e fragmentada, mestura de narratividade e dramatismo, e convencemento de estar a escribir desde a marxe e a sinceridade.

E a nómina de poetas que recuncan este ano complétase con Xavier Rodríguez Baixeras, que nos ofrece unha travesía íntima en *Nadador* (Espiral Maior), Manuel Rivas cos seus retratos retallados de cousas e de instantes en *Costa da morte blues* (Xerais), Ricardo Martínez-Conde, autor de *O silencio das árbores* (Espiral Maior) e Vicente Araguas co seu *O gato branco* (Espiral Maior).

Capítulo á parte merece tamén este ano a poesía de muller, tan variada como concienciada. Por unha banda, recuperamos a Luísa Villalta con, a Chus Pato, que nos ofrece con *Fascinio* (Toxosoutos) un dos seus mellores libros, e María Xosé Queizán co seu *Fóra de min* (Sons Galiza), un berro en verso contra a desigualdade racial e sexual. E pola outra aparecen as xa citadas Yolanda Castaño e Lupe Gómez.

Chus Pato, autora inxustamente esquecida cando se trata de falar da poesía recente pero referencia imprescindible para algunhas novas voces (e non só de muller), ofrécenos un poemario fermoso, intelixente e provocador titulado *Fascinio*, no que recolle un feixiño de textos que xa publicara nunha das carpetas de Edicións do Dragón, a titulada *8 e medio*. Contra o que viña sendo habitual na súa obra poética, a palabra abandoa por uns intres a escuridade críptica e faise moito máis accesible. Os poemas son historias fragmentadas, inzadas de referencias concretas (marcas, siglas, nomes propios...) que se mesturan con outras históricas e dan como resultado un entorno fantástico que semella real e moi próximo. A súa linguaxe, enormemente persoal, xoga seguido a facer contrastes, a saltar a barreira que separa o que é convencionalmente "poético" do que non o é, a evitar a obviedade, a provocar ó lector e a mostrarnos desde outra perspectiva o mundo que nos rodea. Un mundo no que a muller, como sempre na súa obra, ten no poemario un lugar destacado.

Luísa Villalta, que en 1991 publicara o seu primeiro poemario, *Música reservada*, devólvenos en *Ruído* o seu bo facer. O poemario, artellado en tres partes ("Roturas", "Ritos de resistencia" e "O terceiro sonido") está construído sobre a permanente tensión entre texto e contido, entre realidade e desexo, para poder profundar a esencia do ser humano. Trátase dun libro no que a música, compañeira indispensable na súa vida, ten o seu lugar a carón da literatura e no que o poema serve para levar á reflexión, para abrir camiños ou mesmo para trocalo en berro e facer unha afervoadada defensa da muller.

Se o eido da creación se nos mostra plural e diverso, o das reedicións e antoloxías centrou a súa atención na poesía máis recente. En *50 anos de poesía galega* (Penta) Xosé María Álvarez Cáccamo (autor do primeiro volume) e mais Carlos L. Bernárdez (autor do segundo) afrontaron o risco de intentar organizar un período da nosa poesía que aínda seguía confuso e ó que lle cumpría xa unha revisión para, por unha banda, refacer a proposta xeracional que ofrecera Ferrín en *De [172] Pondal a Novoneyra* desde o pouso que dá a distancia temporal, e por outra banda, recuperar, algúns nomes que adoito quedaban esquecidos nos estudos ou pasaban por eles con pés de manteiga. A escolma pode ser discutible polo que atinxe ás ausencias (cada lector e cada autor está lexitimado para ter opinión ó respecto e a botar nomes en falta, especialmente no segundo tomo, o da xeración dos 80) mais o que non se pode negar é que nos atopamos perante un traballo panoramista movido polo desexo de mostrar a permanente pluralidade de tendencias e o diálogo interxeneracional, que como os autores subliñan, caracteriza a nosa poesía recente. Os estudos preliminares ofrécennos esa visión renovadora (e desde agora imprescindible para todo aquel estudioso que se achegue a este período) que xa apuntamos antes, pois reduce a tres as xeracións poéticas de posguerra, evitando as caracterizacións uniformizadoras e monolíticas.

Curiosamente, o primeiro número da revista da Asociación de Escritores en Língua Galega, *Contemporánea* é un monográfico sobre a poesía galega de hoxe, no que se antologan textos de autores vivos do que Cáccamo e Bernárdez denominan xeración do 36 e dos 50. O monográfico, que está precedido por un prólogo de Miguel Mato Fondo, inclúe a tradución ó francés, ó inglés e mais ó español. *Contemporánea*, que segue o ronsel das súas fanadas antecesoras, *Escrita* e *Nó*, finadas cando eran aínda demasiado novas, precisa

manterse como unha publicación estable que sirva, como é o caso, de carta de presentación dos nosos escritores fóra, nun ámbito máis amplo có que dan os encontros de *Galeuzca*.

Pola súa banda, a antoloxía bilingüe galego-castelán preparada por Luciano Rodríguez, *Los caminos de la voz. Seis poetas gallegos de hoy* (Diputación de Granada) quere ser a antoloxía das mellores voces da poesía dominante nos anos oitenta, acompañada por un estudio no que presenta a xénese e os trazos comúns destas seis voces. O mesmo autor publicou tamén *En voz baixa. Quince anos de poesía (1979–1994)* (Sociedad de Cultura Valle-Inclán), no que fai un percorrido pola obra dun dos autores que aparecen tamén na antoloxía, Xulio L. Valcárcel. Esta ollada á poesía recente complétase coa edición preparada por Xosé M. Millán Otero dunha obra significativa de Bernardino Graña, *Profecía do mar* (Xerais), que dalgún xeito complementa a súa obra poética completa aparecida este mesmo ano co título *Ardentía* (Espiral Maior), onde se poñen ó noso dispor algúns títulos que agora son moi difíciles de atopar, e mais coa que preparou Vicente Araguas do emblemático *O fin dun canto* (Xerais) de Méndez Ferrín.

Este ano tamén apareceu a reedición dun libro senlleiro e inaugural, *Cantares gallegos* (Galaxia), nunha coidada edición crítica de María Xesús Lama López que nos presenta este poemario inaugural, fixado e anotado con todo rigor, acompañado por un excelente prólogo no que se contextualiza a vida e a obra de Rosalía. Tamén neste mesmo período fixa a súa atención Román Raña no seu *Manual e escolma do Rexurdimento* (Sotelo Blanco). Pola súa banda, Marcos Valcárcel recupera unha voz case esquecida: Xabier Prado "Lameiro", director de *O Tío Marcos d'a Portela*, impulsor da *Coral Ruada*, dramaturgo e poeta costumista e satírico, do que publica a súa *Obra completa* (Concello de Ourense). E, para rematar este repaso ás antoloxías cómpre salientar a *Antoloxía poética* (Espiral Maior) de Gonzalo López Abente feita por Miro Villar, quen tamén rescata dos manuais de historia unha obra a miúdo esquecida, que se arrequeña coa publicación de poemas inéditos ou ciscados en revistas que serán de grande utilidade para os estudiosos do tempo das Irmandades.

[173] Como vimos de comprobar, seguen correndo tempos de boa saúde na nosa poesía. A creación ofreceunos unha bandexa chea de bos poemarios de diversos autores prontos para os padais máis gorentosos e a reedición permitinos encher lagoas e revisitar libros cheos de novas. Haber, hai para todos.